

Bos días nen@s de 6º de Educación Primaria.

Esta semana o **5 de xuño** celébrase o **Día do Medio Ambiente** e aparte do traballo do libro vouvos a mandar un vídeo sobre este tema.

Imaxino que estades moi concienciados coa necesidade de que todos coidemos a nosa casa, que é a terra e con estos días de confinamento, somos todos máis conscientes da importancia de ser bos cidadáns e axudar cada un desde o seu lugar. Entre todos podemos facer un mundo mellor!!!

Imos a empezar indo ao **Class Book páxina 49** e ides a ler o texto titulado **Young Inventors, Rapaces inventores**. Despois ides contestar as preguntas que aparecen a dereita do texto arriba e as ides contestar na libreta, tamén me gustaría que copiarades o exercicio de true and false o e o contestarades na libreta.

Unha vez realizada esta páxina pasades ao **Activity Book páxina 59** e facedes as actividades 13,14, 15 e 16.

Agora imos facer a páxina **50 do Class Book**, facede o quiz na libreta e despois premede no altavoz para comprobar as vosas respostas. Fóronvos ben? Seguro que si.

Despois ides ver a lectura de abaixo, é unha pequena biografía de Mark Zuckerberg, o coinventor de facebook.

Unha vez realizada esta páxina pasades ao **Activity Book páxina 60** e facedes a actividade número 17, e completades a columna de Mark Zuckerberg no exercicio 18, o que poida escoitar o listening sobre Maggie Walls pode completar a segunda columna e o exercicio 20, se non podedes escoitar a audición pasades directamente á paxina seguinte Activity Book paxina 61 e facedes as actividades 21, 22 e 23. Tedes que completar as preguntas coa información de Jack Dorsey e facer unha biografía na actividade 23 (a biografía de Mark Zuckerberg do Class Book páxina 50 serve de modelo para realizar esta actividade 23).

Xa non mando nada máis por esta semana. Mando un adxunto coas traducións dos textos e as solucións dos exercicios do Activity Book para que comprobades como vos foron as tarefas.

Mando tamén este enlace a un vídeo de youtube para conmemorar o 5 de xuño é un conto titulado: **A Whale's Tale** a ver que vos parece. A min encantoume. Penso que entre todos podemos facer un mundo mellor.

<https://www.youtube.com/watch?v=tVMe8baPGDA>

Espero que vos guste.